



CONDICIÓN DE USO DOS ESPAZOS DA CASA DA CULTURA

1. A solicitude do espazo desexado deberá facerse cun mínimo de 15 días de antelación.
2. Os actos organizados por a Asociación de Veciños terán preferencia sobre calquera solicitude recibida con anterioridade.
3. A persoa ou entidade solicitante comprométense a deixar o espazo solicitado nas mesmas condicións que o recibiron. No caso de non ser así comprométense a facerse cargo dos gastos que se poideran orixinar: limpeza do espazo solicitado, baños, retirada de lixo, reparación de material ou elementos danados, pintado de paredes, reparación do chan, reparación de equipos audiovisuais, etc.
4. Corren por conta da persoa ou entidade solicitante as reparacións ou indemnizacións polos danos ocasionados, polo uso indebido das instalacións, calquera que fosen as causas e os motivos.
5. A Asociación de Veciños poderá esixir unha fianza á persoa ou entidade solicitante para garantir o uso correcto do espazo solicitado.
6. A persoa ou entidade solicitante asumirán cantas responsabilidades de orde civil, penal, administrativo, laboral, tributario ou de calquera índole, puidésenselle esixir e tomará ó seu cargo exclusivo as indemnizacións de danos e prexuízos derivados da súa responsabilidade con absoluta e total indemnidad da Asociación de Veciños.
7. A persoa ou entidade solicitante estarán obrigadas a solicitar da autoridade e organismos competentes cuantos permisos sexan necesarios para a actividade a realizar.
8. Non alcanzará á Asociación de Veciños responsabilidade algunha polos actos que os asistentes leven a cabo, xa que a mesma recaerá única e exclusivamente sobre a persoa ou entidade solicitantes.
9. A Asociación de Veciños resérvase o dereito de denegar a solicitude dos diferentes espazos da Casa da Cultura:
 - a. Cando considere que elo representa un risco para o patrimonio da Asociación de Veciños
 - b. Cando os solicitantes incumprisen con anterioridade as condicións de uso de calquera dos espazos da Casa da Cultura.
 - c. Cando se trate de eventos con ánimo de lucro.
 - d. Cando non se cumplan os prazos de solicitude.
 - e. Cando non se abone, se é o caso, a fianza esixida na data sinalada.
 - f. Por motivos de seguridade.
10. Non se permite a entrada de animais a ningunha das dependencias da Casa da Cultura.
11. Non se permite fumar en ningunha das dependencias da Casa da Cultura.
12. Non se permite usar monopatíns, patíns, bicicletas, nin aparellos similares no interior da Casa da Cultura.

Acepto:

O solicitante